



**Resolución do xx de febreiro do 2024, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regula o horario especial e as condicións de traballo nas oficinas do Rexistro Civil da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra**

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, establece no seu artigo 500, apartado 4, que a distribución da xornada e a fixación dos horarios determinaranse a través do calendario laboral que, con carácter anual, aprobará o órgano competente do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas con competencias asumidas, nos seus respectivos ámbitos, previo informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e da negociación coas organizacións sindicais. O calendario laboral determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo. Poderán establecerse flexibilidades horarias á entrada e saída do traballo, garantíndose en todo caso un número de horas de obrigada concorrencia continuada.

Os horarios que se establezan deberán respectar en todo caso o horario de audiencia pública.

A Resolución do 31 de maio de 2006, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma galega e as organizacións sindicais UXT, CIG, CC.OO., CSI-CSIF e SPJ-USO, con representación entre o persoal da Administración de xustiza destinado nesta comunidade, para a modernización da Administración de xustiza en Galicia, recolle como obxectivo da Xunta de Galicia a apertura das oficinas dos rexistros civís das cidades en horario de mañá e tarde das 9.00 ás 18.00 horas, con participación voluntaria dos empregados públicos.

Desta maneira, a Orde do 18 de xuño de 2014 sobre os horarios e o calendario laboral das oficinas da Administración de xustiza en Galicia para 2014, sinala no seu artigo 3 como horario de apertura das oficinas de Rexistro Civil da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra que este será ininterrompido de 9.00 a 18.00 horas de luns a venres e de 10.00 a 13.00 horas os sábados, especificando que a atención directa ao cidadán durante esta franxa horaria organizarase a través de quendas voluntarias e incentivadas conforme ao previsto no artigo 6 da mesma orde.



En aplicación da normativa mencionada, previa negociación coas organizacións sindicais máis representativas do sector,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º.-Ámbito de aplicación**

Esta resolución será de aplicación **mentres non se aproben as respectivas relacións de postos de traballo** ao persoal funcionario dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia que presten servizos no Rexistro Civil Único da Coruña e Vigo, así como nos órganos xudiciais que teñan adscrito o Rexistro Civil nas cidades de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra, que voluntariamente opten por unha xornada de mañá e tarde incentivada economicamente e coas compensacións horarias que se establezan nesta resolución.

**Artigo 2º.-Número de persoal funcionario integrante da quenda de tarde**

1. O número de persoal funcionario necesario para a integración das quendas voluntarias de atención da oficina do rexistro civil en horario de tarde e os sábados pola mañá, así como o número de persoal funcionario que efectivamente prestarían o servizo nos horarios especiais sería o seguinte segundo localidades:

Rexistro Civil	Nº de funcionarios/as integrantes da quenda	Nº de funcionarios/as do servizo en xornada vespertina de luns a venres e sábados pola mañá
A Coruña	4	3
Vigo	4	3
Ferrol	8	2
Santiago de Compostela	4	2
Lugo	4	2
Ourense	4	2
Pontevedra	8	2

2. No caso de non reunirse o número mínimo de integrantes das quendas establecido no apartado anterior entre o persoal que preste o seu servizo no órgano que teña adscrito o rexistro civil ou de deixar de existir este por renuncia ou **cesamento no centro de destino** do persoal integrante, poderá ofertarse a posibilidade de integrar as devanditas quendas



ao persoal funcionario que o teña solicitado segundo o modelo do Anexo desta resolución no mesmo momento no que se produza a dita vacante.

No caso de existir varias solicitudes a vacante cubrirase seguindo o seguinte orde de preferencia.

- a. Ocupar un posto no rexistro civil exclusivo ou no xulgado que teña adscrito o rexistro civil da cidade en cuestión.
  - b. Tempo de servizos prestados no posto referido no punto 1 e no caso de empate, o escalafón.
  - c. Ocupar un posto nun xulgado de primeira instancia do mesmo centro de destino.
3. O número máximo de integrantes das quendas corresponderá co número de persoas que integren o cadro de persoal do rexistro civil exclusivo ou do xulgado de primeira instancia con competencias en rexistro civil.

### **Artigo 3º.-Xornada e horario incentivado**

A xornada nestas oficinas realizarase mediante a presenza obrigada do persoal entre as 9.00 e as 14.30 horas de luns a venres, debendo cumprir ademais sete horas e media semanais que se prestarán, en quendas, de luns a venres de 14.30 a 18.00 horas e os sábados de 10.00 a 13.00 horas.

### **Artigo 4º.-Procedemento de opción**

1. As quendas constituídas ao abeiro da Resolución do 7 de marzo de 2008, da Dirección xeral de xustiza, pola que se regula o horario especial e as condicións de traballo nas oficinas do Rexistro Civil da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra manterán a súa vixencia.
2. O dereito de opción poderá ser expresado en calquera momento, aínda que as quendas tan só serán, no seu caso, modificadas en función das solicitudes, renuncias ou cesamentos do persoal que as integra. Nestes casos a quenda quedará configurada o primeiro día hábil do mes seguinte ao que se produza o cese ou a renuncia.



### **Artigo 5º.-Tempo de descanso obrigatorio**

O persoal funcionario dos órganos que teñan atribuídas as competencias sobre rexistro civil que, en función da distribución da quenda, realicen unha xornada de 9.00 a 18.00 horas, interromperán obrigatoriamente o seu traballo durante unha hora, entre as 14.30 horas e as 16.30 horas, para a comida. Este descanso, que non se computará como tempo de traballo, organizarase tamén en quendas, de modo que se garanta a apertura ininterrompida da oficina de 9.00 a 18.00 horas.

### **Artigo 6º.-Compensacións horarias**

O tempo de traballo realizado de 17.00 a 18.00 horas de luns a venres computarase como dúas horas efectivas por cada hora traballada. No caso da xornada que se realiza os sábados de 10.00 ás 13.00 horas, cada hora traballada computará como dúas horas e media efectivas de traballo.

As horas traballadas fóra da franxa de presenza obrigada e que non contén cun réxime especial de compensación poderán imputarse ao horario flexible.

No caso de que a participación nas quendas voluntarias chegue a supoñer un exceso de horas traballadas sobre a xornada mensual que hai que realizar, este poderá compensarse dentro do horario flexible do mes seguinte a aquel no que se produciu o exceso e, de non ser posible, compensarase con días de permiso.

### **Artigo 7º.-Retribución económica**

A prestación de servizos do persoal funcionario integrado nas quendas sinaladas no artigo 2 desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 12 do Real decreto 1909/2000, polo que se fixa o complemento de destino dos funcionarios dos Corpos de Médicos Forenses, Técnicos Facultativos do Instituto de Toxicoloxía, Oficiais, Auxiliares e Axentes da Administración de Xustiza, Técnicos Especialistas, Auxiliares de Laboratorio do Instituto de Toxicoloxía e Axentes de Laboratorio a extinguir do Instituto de Toxicoloxía, retribuirase con 53,5480 € por cada xornada vespertina de luns a venres e con 89,2164 € por cada xornada de sábado.



### **Artigo 8º.-Acreditación da prestación do servizo**

1. A acreditación da realización do horario especial nas oficinas dos rexistros civís sinaladas no artigo 1º entenderase efectuada segundo os datos extraídos da aplicación de xestión dos sistemas automatizados de control horario das distintas sedes.

2. As persoas titulares das xefaturas territoriais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, regularán as quendas de maneira que se garanta a realización de cinco xornadas en horario de tarde e unha xornada en horario de mañá de sábado nun cómputo total de catro semanas e por cada integrante da quenda.

### **Artigo 9º.-Funcións que hai que desenvolver**

O persoal funcionario que pase a integrar voluntariamente as quendas para a apertura das oficinas do rexistro civil en horario especial realizarán as funcións propias do corpo da Administración de Xustiza ao que pertencen, entre outras, as de recollida de solicitudes ou documentación, entrega de documentación preparada e información e atención ao cidadán.

### **Artigo 10º.-Período mínimo**

1. O compromiso mínimo de integración das quendas será de seis meses contados a partir do momento da efectiva integración, ~~salvo no caso da constitución inicial das quendas, que será de tres meses.~~

2. O compromiso entenderase tacitamente prorrogado cada ~~por un período de~~ seis meses ~~salvo que nos primeiros 10 días hábiles dos meses de xuño e decembro o interesado presente unha renuncia por escrito.~~

José Tronchoni Albert

Director xeral de Xustiza



## ANEXO.- SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN NAS QUENDAS DO HORARIO ESPECIAL NAS OFICINAS DE REXISTRO CIVIL

Solicitud de integración nas quendas do horario especial nas oficinas de rexistro civil

### 1. Datos persoais do/a funcionario/a

Apelidos e nome:

DNI:

Domicilio (rúa, praza ou avenida e número):

Localidade:

Provincia:

Código postal:

Teléfonos (fixo e móbil):

Correo electrónico:

### 2. Datos do posto de traballo

Corpo:

Órgano:

Tipo de persoal (de carreira ou interino):

### 3. Solicitud, declaración, lugar, data e firma

A persoa abaixo asinante DECLARA, baixo a súa expresa responsabilidade, que son certos cuantos datos figuran nesta solicitude, ACEPTA todas e cada unha das condicións contidas na resolución pola que se regula o horario especial e as condicións de traballo nas oficinas dos rexistros civís da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo, e SOLICITA a súa inclusión nas quendas previstas no artigo 2º da devandita resolución.

....., ..... de ..... de .....

O/A solicitante

.....

Dirección Xeral de Xustiza